I,1,440. (5)

1) Fun ó muíño con Paila
fun ó muíño con ela
= 1
fun en paz e vin en guerra.

(5) (quedacle) I 119 I 208

506.

2) Miña nai qu'a todos destes
aghua de cantares novos,
a min deixaste-me solo
desemparado de todos.

(5) VI 1382 b

450.

3) A-i-aghua da nosa fonte,
non a damos a ninquén,
bebémo-la toda nós
por eso cantamos ben.

(5) VI 114

454

4) Non te cases cun viudo
por que teña boa roupa,
que siempre ch'ha de decir
"boa muller er'à i outra."

(5) VI 1710 a

458

5) Ahora que viene, viene,
ahora que va venir
la primavera de maio
con las rositas de abril.

(5)

463.

6) Entra meu mozo pa dentro,
vente prá dentro da sala,
pra que todas mozas vexan
ese teu traxe de ghala.

(5) VI 2115

469.

7) Teño unha nena no Pindo
outra no Chan de Barcala,
a do Pindo é bonita
a de Barcala lle ghana.

IV 5356 (5)

470.

8) Os dous bailáde-la jota,
os dous sacáde-los puntos,
quixera Dios que de hoxe un ano
durmades na cama xuntos.

(5) VI 288 a

475.

9) La despedida te doy
con flores y con ghardines,
lo que te pido y te encargho
que de min nunca te olvides.

(5) VI 757

I,1,578. 10) O meu moso èra moi ghuapo
era pior con candil, qu'òn
pero despois quera feo
despacheino pró Brasil. (5) VI 916

584. 11) Eu teño unha compañeira
que foi nacida en Lourido,
salin me ela mui boa
nacida en lughar cativo. (5) I 119 IV 3516

587. 12) De Lourido as Durarantes
todo é camiño chan
de rosas e cäräveles
postos po-la miña man. IV 519 (5)

497. 13) As dalá derriba,
correlas, correlas,
qui las dalá de baixo
xa se corren elas. I 124 (5) I 302a

As dalá derriba
cando van co ghando
apousan a vara
e bailan o tangho:/

E a muiñeira,
as dalá derriba
cando van prá feira.

599. 14) Virxen da Barca valéme:/
qui estou no medio do mar
non hai barqueiro que reme. (5) IV 896b I 426a

Audio de procedencia: MPG_SchSa_0001_005_en_Muxia_I_1_440